

Bio-Bibliografía de Celso Emilio Ferreiro Miguez*.

Blanca-Ana Roig Rechou

- 1912 Nace en Celanova (Ourense), na rúa Enriba, o día 6 de xaneiro, baixo do teito dunha familia acomodada, culta e galeguista (seu pai, conservador e católico tradicional, pertencía ás Irmandades da Fala e entre os seus amigos tiña un posto destacado Lois Porteiro Garea). É o máis pequeno de sete irmáns: tres homes e catro mulleres. Seus pais, Venancio Reinoso e Obdulia Miguez Buxán, dispuñan dunha boa biblioteca, na que Celso Emilio entra en contacto cos poetas do XIX e coa obra do seu veciño Curros Enríquez. Nunha das conversas que tiveron con Celso Emilio María Xosé Porteiro e X. A. Perozo para compoñe-lo seu libro *Celso Emilio Ferreiro compañoiro do vento e das estrelas*, comenta que “Curros foi unha personaxe na miña familia; a pesares de ser unha familia moi católica a miña nai me daba, xa de nen, cando escomenzaba a saber ler, o libro de Curros e, inocentemente, marcábame as poesías que non debía ler, que naturalmente, eran as primeiras que lia”. Pasa a infancia e preadolescencia entre Celanova, Ourense, e a aldea de Acebedo dos Ríos.
- 1920 Fai os primeiros estudios e o bacharelato cunha mestra da vila e nos Escolapios de Celanova.
- 1928 Morre seu pai.
- 1930 A partir dos anos trinta, forma parte das Mocidades Galeguistas, que participan no labor do Partido Galeguista, e colabora na fundación da Federación das Mocidades Galeguistas. Esta organización celebra a súa Primeira Asemblea a principios do 1934 e nela decídese que é unha Agrupación autónoma dentro da

* Neste traballo non se pretende a exhaustividade, senón facilitar unha orientación sobre dos fitos biográficos e bibliográficos más salientables para que o lector interesado poda seguir mellor a obra de Celso Emilio Ferreiro.

Declaración de Principios do Partido. De tódolos xeitos, participan nas diferentes actividades políticas do Partido, e así, dende moi novo, Celso Emilio mesmo dá mitíns.

En Ourense participaba na tertulia do “café Roma”.

1935

No mes de Xuño, despois da Segunda Asemblea da Federación das Mocidades Galeguistas, é nomeado Secretario desa organización e pasa a dirixir *Guieiro*, revista quincenal “portavoz patriótico” da Federación. Foi procesado por uns artigos, que publicou precisamente nesa revista, comentando un discurso de Gil Robles.

1936

O dous e tres de maio, celébrase a III Asemblea da Federación das Mocidades Galeguistas, na que se pretende dar un cambio total a esta Federación. É encargado con outros membros da organización de facer unha ponencia (*Proxecto de programa doctrinal e táctico*) para presentar en sesenta días diante do Consello Executivo para a súa discussión. O estouro da Guerra Civil puxo fin a tódalas actividades. Celso Emilio foi mobilizado coa súa quinta para tomar parte da Guerra Civil. Tocoulle no bando franquista e foi enviado á fronte de Asturias.

Nunha entrevista que lle fixeron para *El correo de Galicia* do 15 de abril do 1975, comenta que neste ano (1936) comezou a escribir *Longa noite de pedra* e que logo gardou os poemas nunha carpeta ata 1962, como veremos.

Con Xosé Velo, manda a unhas duascentas persoas, entre escritores, poetas e homes de letras en xeral, o *Cartafol de poesía*. Na contraportada deste “Cartafol” dise “lémbrase de conservar iste cartafol, pra ir colecionando poemas que, en follas soltas, irá recibindo”. Certamente, os dous poetas comezan a enviar poesías en dúas páxinas. Nunha delas, vai un poema de Celso Emilio e, na outra, un de Xosé Velo Mosquera. Non se sabe con exactitude cantas entregas se fixeron. Dise que foron seis, nas que se repartiron dez poemas de cada un dos poetas.

1937

De permiso en Celanova, foi denunciado por facer, ó parecer, algúns comentario político, e foi condenado a cadea por tres días e catro noites no Mosteiro de San Salvador de Celanova. Parece que o Gobernador Civil de Ourense ordenou o seu fusilamento, que non se levou a cabo gracias a intervención da familia e das súas amistades.

Neste Mosteiro (fundado por San Rosendo), segundo manifesta Celso Emilio na entrevista que Víctor Freixanes lle fai para *Unha ducia de galegos* (v. Bibliografía), escribe o poema que dá título a *Longa noite de pedra*, entre outros que vai ir escribindo ó longo da contenda.

1938	<p>En Asturias, coñece a M^a Luisa Moraima Loredo Fernández, de Olloniego, precisamente durante unha convalecencia no Hospital de Luarca.</p> <p>Escribe versos, sobre todo de amor, e centos de cartas.</p>
1939	<p>Xa en Celanova, comeza a estudiar dereito por libre. Non remata. Faise mestre pero non exercerá esta profesión.</p>
1941	<p>Vive e traballa en Pontevedra como Funcionario da Fiscalía de Tasas.</p> <p>Publica en Pontevedra <i>Al aire de tu vuelo</i>, un libro de poemas escritos entre 1938-40 e adicados a Moraima.</p>
1943	<p>Na igrexa de San Lorenzo, en Xixón, casa con Moraima o día 15 de xullo e vai vivir con ela para Pontevedra.</p> <p>Dende o día 1 de setembro, é redactor-xefe da revista <i>Finisterre</i>, na que colaborará asiduamente ó longo da vida desta publicación.</p>
1945	<p>Ten o seu primeiro fillo, Luís, o día 15 de setembro.</p> <p>É encargado (dende o inverno 1944-45 ó verán de 1945) das seleccións literarias en <i>Sonata Gallega</i>, revista dirixida por Ramón Peña. Nesta revista tamén colaborará con certa asiduidade.</p>
1947	<p>Nace o seu segundo fillo, Xosé María, o día 5 de setembro.</p> <p>Publica, tamén en castelán, <i>Baladas, cantigas y donaires</i>. Esta obra aparece cun Limiar de F. Bouza Brey.</p>
1948	<p>Funda con Sabino Torres e Manuel Cuña Novás a colección poética “Benito Soto” (3 volumes en castelán e once en galego).</p> <p>Nace o seu terceiro fillo, unha nena que chaman Isabel, o día 21 de Novembro.</p>
1950	<p>Deixa a Fiscalía de Tasas e traballa como Procurador, agora en Vigo. Rexenta por algúns tempo unha oficina de Seguros Sociais.</p> <p>Nace o seu cuarto fillo, Xabier, o día 23 de Decembro. Comeza as súas colaboracións no <i>Faro de Vigo</i> (“La jaula de los pájaros raros”, sección moi gabada por Cela), en <i>Alba</i> (publicación dirixida por Ramón González Alegre), en <i>Papeles de Son Armadáns</i> (que dirixe, en Mallorca, Camilo José Cela.), etc. Colabora como crítico e como creador.</p>

- 1951 O 10 de marzo, publicase *Musa alemá*, traduccións de 15 poemas de seis poetas alemáns: Friedrich Hölderlin, Heinrich Heine, R. Dehmel, Rainer Maria Rilke, Agnes Miegel, Franz Werfel, en colaboración con Blanco Freijeiro e cun prólogo de Aquilino Iglesia Alvariño.
- 1952 Fai crise a Oficina de Seguros Sociais, que despois desaparecerá.
 En “Rianxo”, suplemento de *Sonata gallega*, publica “O Teósofo”, con debuxos de M. Torres.
- 1954 Publica na Coruña, en castelán, *Curros Enríquez. Biografía*.
- 1955 Dende este ano, dirixe un taller de fotogravado que non irá moi ben.
 O 8 de marzo remátase de imprimir nos prelos tipográficos de M. Roel, en Vigo, *O sono sulagado*, poemario que, nos primeiros anos a partir desta edición, será moi pouco lido. As edicións posteriores desta obra aparecerán coa pertinente corrección de *soño* no lugar de *sono*.
 Publica tamén, *Voz y voto*, que, segundo parece, se imprimiu en Vigo.
 Aparece o volume IV da *Escolma de poesía galega. Os contemporáneos*, preparada por Francisco Fernández del Riego. Nela, Celso Emilio publica a súa primeira “Autopoética”.
- 1959 Participa con Aquilino Iglesía Alvariñ, nas “Conversacións poéticas de Formentor”. De aí vai nace-lo poema “Formenor”, que formará parte de *Longa noite de pedra*. Este poema aparecerá por primeira vez publicado en *Papeles de Son Armandáns*, nº LVII bis, Decembro do 1960.
 Publica na revista *Vieiros* de México “Carta a Fuco Buxán”. Esta Revista mexicana dos exiliados políticos estaba patrocinada polo “Padroado da Cultura Galega” de México.
- 1962 Aproxímase, ó parecer e por pouco tempo, ó Partido Comunista.
 No outono, o 15 de outubro, aparece *Longa noite de pedra*. Esta primeira edición esgotouse axiña e por diversos motivos, atrancos, etc., non sairá outra edición ata 1967, como veremos.
- 1964 O 25 de xullo crea con Méndez Ferrín, Luís Soto e outros a Unión do Pobo Galego (U.P.G.)

Produce moita poesía clandestina antifranquista. É a época do “Santo Cristo de Fisterre”.

- 1966 O 22 de maio marcha para Venezuela coa muller e os catro fillos. Esta emigración voluntaria débese, segundo di o propio autor (v. Víctor F. Freixanes, *Unha ducia de galegos*), ó “aburrimiento, por noxo vital”. Foi chamado pola “Hermandad Gallega” de Caracas como orientador das súas actividades culturais, que incluíán: dirixi-lo periódico quincenal, *Irmandade*; encargarse dunha emisión semanal de radio e dirixi-la “Escola Castelao” de primeiro ensino.
Antes de marchar, o 15 de Maio, en Ourense, réndeselle unha homenaxe (que se pode considerar despedida) á que asisten 250 comensais e 1.250 adhesións. Alí, léronse discursos e poemas de diferentes escritores galegos contra un feito significativo do momento: a construción do embalse de Castrelo de Miño co correspondente asulagamento do val de Castrelo.
- 1967 Dificultades e calumnias levan á expulsión de Celso Emilio e da súa familia da Sociedade Galega e á procura de expulsalo do país, cousa que non conseguén gracias ó apoio dos amigos. Esta expulsión foi debida a que gañou as eleccións da Sociedade Galega un grupo directivo non galeguista, vinculado ó rexime de Franco.
Primeira edición de *Longa noite de pedra*, en El Bardo, con versión castelán e un prólogo de Basilio Losada titulado “Celso Emilio Ferreiro en la poesía gallega”. Ven sendo a 2ª edición do texto. Nela, o poema “O edificio” foi sustituído por “Spiritual”. A tirada acadou os 1000 exemplares, que se esgotaron axiña.
- 1968 En Caracas, xa fóra da “Hermandade Galega”, traballa como profesor de “castellano”, corrector de probas nunha editorial, etc. Traballos nos que durará pouco debido á persecución á que é sometido.
É nomeado secretario xeral do “Patronato da Cultura Galega”, fundado en Caracas por un grupo de galeguistas amigos seus.
Motivado polas causas da súa expulsión, publica en Barcelona, en edición bilingüe, *Viaxe ao país dos ananos*, cun prólogo titulado “La poesía de Celso Emilio Ferreiro” a cargo do profesor Xesús Alonso Montero. Este libro provocou unha grande polémica.
Publica tamén en Caracas, baixo o pseudónimo de Arístides Silveira, *Cantigas de escarnio e maldecir*, conxunto de poemas satíricos.
- Os seus poemas van servir para comeza-la NOVA CANCION GALEGA, da man de Benedicto, Xabier, Araguas, Moscoso, etc., que componen o grupo denominado VOCES

CEIBES. Dende este momento, raro é o grupo ou cantante que non leva no seu repertorio textos de Celso Emilio Ferreiro.

Nova edición de *Longa noite de pedra* (trátase xa da 3^a edición deste texto, 2^a de El Bardo), fanse 2.000 exemplares que se esgotan rapidamente.

1969

Rompe coa Unión do Pobo Galego.

No mes de agosto, publica un artigo titulado “A política e a poética” e, no mes de outubro, outro, “A emigración galega”, ámbolos dous no *Correo de Galicia* de Buenos Aires. Neste segundo, sobre todo, expón a súa decepción ante o panorama da emigración galega.

En setembro, na revista *Chan*, publica un escrito datado en Caracas, no que responde á crítica que Xosé Fernández Ferreiro fixera sobre *Viaxe ao país dos ananos*.

Cuarta edición de *Longa noite de pedra* cunha tirada de 3000 exemplares que tamén se esgota rapidamente.

Primeira edición de *Terra de Ningures*.

1970

Consegue formar parte do Gabinete de Prensa do presidente de Venezuela, Rafael Caldera, gracias a un grupo de escritores e poetas venezoláns. Este traballo permitiulle vivir sen ataques ata a súa volta para España.

Primeira edición de *Paco Pixiñas. Historia dun desleigado contada por il mesmo. "Romance de Arístides Silveira cun limiar tirado dos proverbios do Conde de Vimioso (o vello) e un epílogo de Celso Emilio Ferreiro"*. Con música de I.B. Maiztegui e debuxos de I. Díaz Pardo.

En castelán publica *13 poemas iracundos y una canción desesperada*.

Reedición de *Viaxe ao país dos ananos*.

1971

Concédeselle polo libro *Antipoemas*, escrito en castelán, o “IV Premio Internacional de poesía Álamo”, convocado pola Delegación Nacional de Cultura e fallado en Salamanca o día 25 de setembro. Formaban o Xurado: Luis Felipe Vivanco, Federico Muelas, Juan Ruiz Peña, José Luis Prado Nogueira e José Ledesma Criado. Actuou como secretario Juan de Urbina. Este libro, que foi escrito orixinariamente en galego, constaba de vintenove poemas e estaba disposto para ser publicado na colección “Val de Lemos”, dirixida polo poeta Manuel María, pero foi vetado pola censura e por iso Celso Emilio fixo a tradución ó castelán para presentalo ó premio internacional xa citado.

A pesar do premio, na edición que sae ó ano seguinte faltan dez poemas que Celso Emilio publicará en Caracas.

En Caracas escribe “Verbas limiares” para unha *Autoescolha poética* que sairá do prelo en Porto (Portugal), ó ano seguinte, como veremos.

- 1972 Publica *Antipoemas* (en castelán), coas mutilacións xa apuntadas.
- No Nadal, en Vigo, a 1^a ed. de *A fronteira infinda*. Primeira aportación de Celso Emilio á narrativa galega.
- 5^a edición de *Longa noite de pedra*.
- 3^a reedición de *Viaxe ao país dos ananos*.
- Edición da *Autoescolha poética* cunhas palabras de Celso Emilio xustificando o ser el o encargado de escolma-la súa poesía e xustificando, tamén, a “antropoética que xurde constantemente nesta escolma e, xeneralmente, en toda a miña obra”.
- 1973 Volve a España o día 10 de Maio para traballar en *Tribuna médica*. Vai residir en Madrid con toda a súa familia, primeiro na rúa Paseo das Delicias e logo en Juan Bravo. Dirixe, ademáis, a Aula de cultura do Ateneo, espallando dende alí a cultura galega por medio de conferencias, recitais de poesía, actuacións de cantautores, etc. Milita no PSOE. Colabora como crítico literario de obras publicadas en galego no diario *ABC* e noutra prensa diaria. Comeza a ser un membro máis das tertulias do Café Gijón e a recibir na súa casa a todo aquel galego relacionado coa cultura e política do seu país. Convírtese nun puntal básico da cultura galega en Madrid. Merca unha casa en Vigo e comeza a vir pasa-las vacacións á súa Galicia natal. Forma parte de xurados literarios, dá conferencias, fai crónicas en R.N.E. para Sudamérica, etc.
- Publica: *Cimento privado*, cun prólogo de Luis Felipe Vivanco e un epi(logo)tafio de Xosé Sexto.
- Curros Enríquez*, adicado a “Xesús Alonso Montero, con una sola palabra: amigo”, en Madrid. Comenta Celso Emilio, na nota previa, que esta edición é un trasunto correxido e aumentado da edición do 1954.
- Os autentes (Novas cantigas de escarnio, cun introito, sete gómitos e unha náusea final)*. Publica esta obra co pseudónimo de Alexis Vainacova.
- 1975 Publícanse: 6^a ed. de *Longa noite de pedra*, que é a primeira da Ed. Castrelos. Esta edición preséntase como definitiva, cun “Prólogo” do autor no que comenta que xa leva vendidos 25.000 exemplares da edición bilingüe, é dicir, da edición de El Bardo. Isto demostra o éxito desta obra de Celso Emilio Ferreiro. Inclúe os poemas “O edificio” e “Spiritual”.
- 2^a ed. de *O soño sulagado*, 1^a de Akal editor. Nesta edición, o autor introduce algunas variantes respecto da edición do 1955. Ven acompañada dun “limiar” formado por “algúns xuicios encol de *O soño sulagado*” de: Fernández del Riego (1955), D. Álvarez Blázquez (1956), J. Díaz Jácome (1956), Manuel María (1964), Basilio Losada (1967), Fernández del Riego (1971), Manuel G. Garcés (1974) e Carlos Casares (1975).

Primeira edición de *Donde el mundo se llama Celanova*/
Onde o mundo chámase Celanova, que consta de dous libros: o que
 lle dá título á obra (que a partir da 2^a ed. aparecerá co pronome ben
 colocado: *Onde o mundo se chama Celanova*) e *Moraima: diario
 de a bordo*, texto bilingüe.

Comeza a editarase a *Obra completa* en Akal Editor, da man de Xesús Alonso Montero.

1976	<p>Comeza a publicar artigos e poemas na revista <i>Nordés</i>.</p> <p>7^a ed. de <i>Longa noite de pedra</i>.</p> <p>2^a ed. de <i>Curros Enríquez</i>.</p> <p>Prologa o libro de Ramón Valenzuela Otero, <i>Non agardei por ninguén</i>.</p>
1977	<p>No mes de xuño, realiza por encargo unha antoloxía titulada <i>Celso Emilio Ferreiro. Antología</i>. Texto bilingüe. El mesmo fai a versión castelán dos poemas escolmados e o prólogo titulado “Algo así como un prólogo”. Desta obra faise no mes de outubro unha 2^a edición.</p> <p>8^a ed. de <i>Longa noite de pedra</i>, idéntica á do 1975.</p> <p>Publica tamén <i>Curros Enríquez. Obra poética completa</i>. Traducción ó castelán de Celso Emilio Ferreiro.</p> <p>Fai a “Presentación” do libro de Obdulia Guerrero, <i>Valle Inclán y el novecientos</i>.</p> <p>O 3 de Xaneiro, prologa o libro de Rafael Ruiz Fuentes e José Pérez Vilariño, <i>Vivir en Galicia</i>. Este prólogo leva por título “Algo así como un prólogo” (mesmo título có que inicia a <i>Antología</i>).</p> <p>Prologa tamén o libro de Justo Cid, <i>Cantigas en gallego traducidas al castellano</i>.</p>
1978	<p>Publica, en prosa, <i>A taberna do galo</i>. O autor advirte que estas páxinas foron compostas con fragmentos tirados dun libro que estaba rematando de escribir titulado <i>Memorias de nunca</i>, que non chegou a publicar.</p> <p>9^a ed. de <i>Longa noite de pedra</i>, repetindo o texto de El Bardo e sen o poema titulado “O edificio”, pero agora da man de Akal editor.</p> <p>Reedición de <i>Cimenterio privado</i>, seguido de <i>Cantigas de escarnio e maldecir i o poema Os autentes</i>, na editorial Castrelos de Vigo (primeira edición desta empresa). Ven acompañada dunha introducción titulada “Cantiga hacia mañana. Para Celso Emilio Ferreiro y su longa noite de pedra” de Luis Felipe Vivanco.</p> <p>2^a ed. de <i>A fronteira infinda</i>.</p> <p>2^a ed. das Obras Completas de Akal Editor, T.I.</p>

O 31 de agosto, cando estaba de vacacións, morre repentinamente en Vigo. Foi enterrado na súa vila natal.

Pouco despois, ve a luz o *Libro dos homenaxes*, cun “Limiar póstumo pra un libro de homenaxes”, da man de Xesús Alonso Montero. A edición desta obra é bilingüe. Os encargados de face-las traduccións dos poemas de Celso Emilio foron: Xesús Alonso Montero, Basilio Losada, Fernando Salgado e Mauro Armiño. Trátase dun libro de poemas no que Celso Emilio homenaxe “Ós meus”, “Á miña terra” e “Ós meus amigos”.

Aparecen novas edicións das súas obras: *Longa noite de pedra*, *Viaxe ao país dos ananos* e *Donde el mundo se llama Celanova/Onde o mundo se chama Celanova*.

Tamén se publica o libro de Ángeles Navarro Guzmán, *A la sombra de la ciudad enamorada*, cun prólogo, chamado “Pórtico” de Celso Emilio Ferreiro.

Ducias de homenaxes van segui-la morte de Celso Emilio Ferreiro: Madrid, Barcelona, Sitges, Cádiz, diversas cidades galegas,etc. Entre estas homenaxes, destacaron, segundo ó profesor Alonso Montero:

28.X.79, no pabellón de Deportes de Santiago, organizado por CC.OO.

3.XI.79, no pabellón dos deportes de Madrid, organizado, fundamentalmente, polo PSOE.

No ano 1981, o Concello de Vigo crea o premio de poesía “Celso Emilio Ferreiro”.

En Santiago, créase a Fundación “Celso Emilio Ferreiro”.

Son moitos os actos, revistas, premios, asociacións etc. que levan o seu nome ou os seus versos.

A obra de Celso Emilio Ferreiro, poemas soltos ou mesmo obras completas, van ser traducidas a moitas linguas: inglés, catalán, castelán, francés, flamenco, etc. Tamén foron moitas as edicións que a partir deste momento se realizaron da súa obra xa coñecida e publicada (v. Bibliografía). É de destaca-la aparición de *El alcalde y otros cuentos*, Ed. Júcar, col. La vela latina/narrativa, Madrid 1981. O copyright do autor data do 1976. Este libro é acompañado dunha nota editorial que di: “Los cuentos incluidos -salvo “El alcalde” y “El tímido”- fueron escritos originariamente en lengua gallega y publicados con el título de *A fronteira infinda* (...) Su traducción, que ahora ofrecemos en *El alcalde y otros cuentos*, ha sido realizada por el propio autor con un designio exclusivamente literario; es decir, siguiendo el hilo argumental primitivo, pero en muchos casos sin someterse necesariamente a un criterio de literalidad léxica”.

BIBLIOGRAFÍA

1. OBRAS DO AUTOR E ESCRITOS MENORES:

1936 *Cartafol de poesía*, Ourense

1941 *Al aire de tu vuelo*, Pontevedra.

1943 “Tú estás muerta,” cuento de humor, *Finisterre*, rev. de Galicia, 1, 1 de setembro.

“Visita sentimental a la casa de Rosalía de Castro en Padrón”, en *Finisterre*, 2, outubro, pp. 8-9.

“Por qué maté a mi tío Olegario”, cuento de humor, en *Finisterre*, 3, ano I, novembro, pp. 23-24.

“Última noticia de Claudio Bulgarín”, cuento de guerra, en *Finisterre*, 4, ano I, decembro, pp. 25-26 e 34.

1944 “Un gallego en la corte de Tamerlán”, en *Finisterre*, 6, ano II, febreiro.

“Breve discurso sobre el vino”, *Finisterre*, 8, ano II, abril, páxs. 10-11.

“Gestas y gestos de Galicia en el mar”, *Finisterre*, 13, ano II, setembro, páxs. 20-21.

1945 “En una escondida fuente”, relato, *Sonata gallega*, Estío, 7^a publicación de Céltiga.

“Diez minutos”, cuento, *Finisterre*, 17, ano III, xaneiro, pp. 27-28.

1947 *Bailadas, cantigas y donaires*, Ediciones Céltiga, Pontevedra.

1948 “La noche en la poesía de Anthero de Quental”, en *Sonata gallega* (exponente literario y artístico de la Región), Real Academia Gallega, nº 10.

1951 *Musa alemá*, “Col. Benito Soto”, Pontevedra.

1952 “O Teósofo”, en *Rianxo*, suplemento de *Sonata gallega*.

1954 *Curros Enríquez. Biografía*, Imprenta Moret, A Coruña.

1955 *Voz y voto*, col. “Papel de estranza”, Montevideo.

O sono sulagado, col. Alba, Vigo.

2^a ed. Akal editor, col. Arealonguiña, Madrid 1975.

3^a ed. Akal editor, col. bolsillo 73, Madrid 1981.

1963 “Reseña de *Contos populares da provincia de Lugo*”, *Grial*, 2, outubro-novembro-decembro, pp. 213-215.

1962 *Longa noite de pedra*, Ed. Galaxia, col. Salnés, nº 7, Vigo.

- 2^a ed. 1967, bilingüe galego-castelá, a cargo de Basilio Losada, Ed. El Bardo, col. Poesía, 31, Barcelona.
- 3^a ed. 1968, igual anterior.
- 4^a ed. 1969, igual anterior.
- 5^a ed. 1972, igual anterior.
- 6^a ed. 1975, Ed. Castrelos, col. Pombal nº 14, serie poética, Vigo.
- 7^a ed. 1976, Ed. Libros de la Frontera, 42, Barcelona, segundo a edición de El Bardo.
- 8^a ed. 1977, Ed. Castrelos, Pombal, Vigo.
- 9^a ed. Akal editor, Madrid 1978.
- 10^a ed. 1979, Ed. Castrelos (igual á do 1975).
- 11^a ed. Akal, Madrid 1981.
- 1984, Sálvora, Os nosos clásicos, Santiago. Co prólogo que Celso Emilio fixo para a ed. de 1975.
- 1985, O Castro, Sada, A Coruña, preparada por X.M. Álvarez Cáccamo.
- 1963 "Reseña de *Contos populares da provincia de Lugo*", Grial, 2, outubro-novembro-decembro, pp. 213-215.
- 1965 "Prólogo", en Cid Justo, Germán, *Mis pobres versos*, La Región, Ourense.
- 1968 *Viaxe ao país dos ananos*, El Bardo, Barcelona. Edición a cargo de Xesús Alonso Montero.
- 2^a ed. 1970, igual á anterior.
- 3^a ed. 1972, igual anterior.
- 4^a ed. 1979, (1^a ed. de) Akal editor, Madrid.
- 5^a ed. Akal editor, Madrid 1981.
- 6^a ed. 1984 (1^a ed. de) Ed. Sálvora, Santiago.
- Cantigas de escarnio e de maldecir*, edición Nós, Caracas, (co pseudónimo de Arístides Silveira)..
- 1969 *Terra de ningures*, col. "Val de Lemos", nº 4, Monforte.
"A política e a poética", *Correo de Galicia*, Buenos Aires, mes de agosto.
"A emigración galega", *Correo de Galicia*, Buenos Aires, mes de outubro.
- 1970 *Paco Pixiñas. Historia dun desleigado contada por il mesmo. Romance de Arístides Silveira cun limiar tirado dos proverbios de Conde de Vimioso (O vello) e un epílogo de Celso Emilio Ferreiro*, Edicións do Castro, Sada, A Coruña.
Traducción ó castelán de María Teresa Otero Sande, en *Fablas*, Las Palmas de Gran Canaria, nº 25., 1971.
13 poemas iracundos y una canción inesperada, Rev. *Expediente*, Caracas, nº 2 (hai edición en separata).
- 1972 *A fronteira infinda*, Castrelos, col. Pombal, Vigo.
2^a ed. agosto 1978. Igual anterior.

- 1^a ed. en Edicións Xerais de Galicia, Vigo 1988.
Antipoemas, col. “Álamo”, Salamanca.
Autoescolha poética, Razão actual, Porto.
- 1973 *Cimenterio privado*, Edicións Roi Xordo, Xenevra. No 1978 Reedición de *Cimenterio privado*. Seguido de *Cantigas de escarnio e maldecir i o poema os autentes*, Ed. Castrelos, col. Pombal, serie poética, nº 20, Vigo (primeira edición desta editorial).
Os autentes (Novas cantigas de escarnio, cun introito, sete gómitos e unha náusea final), Edicións Pirata, S.A.
Curros Enríquez, Ediciones Júcar, col. Los Poetas, Madrid. (2^a ed. 1976).
- 1975 *Donde el mundo se llama Celanova/Onde o mundo se chama Celanova*, Editora Nacional, Madrid.
1^a reimpresión 1979. Editora Nacional, Alfar, col. Poesía.
“Dous poemas isofónicos”, *Nordés* (revista de poesía e crítica), 1.
“Nenia pra Antón Machado” (poema), *Nordés*, 2 e 3.
- 1976 “Traducción dun poema de Blas de Otero” e “Na morte do meu amigo o poeta..... Gabriel Aresti”, *Nordés*, 4, pág. 21.
“A poesía é verdade” (de *Longa noite de pedra*), en *Nordés*, 4, pág. 6.
“A poesía é verdade”, artigo, *Nordés*, 4, páxs. 4-6.
“Prólogo”, en Ramón Valenzuela Otero, *Non agardei por ninguén*, Akal Editor, Col. Arealonguiña, nº 17.
- 1977 *Curros Enríquez. Obra poética completa*, Editora Nacional, Madrid.
“Algo así como un prólogo”, en Ruiz Fuentes, Rafael e Pérez Vilaríño, *Vivir en Galicia*, Felmar, Madrid 1977, pp. 11-15.
“Prólogo” en *Cantigas en gallego traducidas al castellano*, de Cid Justo, Germán, Ed. La Región, Ourense.
“Presentación”, en Obdulia Guerrero, *Valle-Inclán y el novecientos*, Ed. Magisterio español, col. Novelas y cuentos, Madrid.
- 1978 *A taberna do galo*, Edicións Castrelos, Col. O Moucho, Vigo.
- 1979 *O libro dos homenaxes*, Akal editor, Madrid, cun “Limiar póstumo para un libro de homenaxes”, por Xesús Alonso Montero, encargado desta edición e da traducción dos poemas ó castelán xunto con Basilio Losada, Fernando Salgado e Mauro Armiño.
“Pórtico”, en Ángeles Navarro Guzmán, *A la sombra de la ciudad enamorada*, Ed. Ayuso, Endymión, Madrid.
- 1981 *El Alcalde y otros cuentos*, Júcar, col. La Vela Latina / Narrativa, Madrid.

2. ANTOLOXÍAS. RECOPILACIÓNS. OBRAS COMPLETAS.

- 1955 *Escolma da poesía galega. Os contemporáneos*, realizada por Francisco Fernández del Riego, Ed. Galaxia, vol. IV, Vigo.
- 1959 *Antología de la poesía gallega contemporánea*, realizada por R. González Alegre, Ed. Adonais, Madrid.
Poesía de Galicia. Contemporánea, preparada por A. Fisterre, México.
- 1967 “Poesía gallega de posguerra”, nº extraordinario da revista *Claraboya*, realizada por Basilio Losada, León.
- 1970 *Os cen mellores poemas da lingua galega*, escolla realizada por Xesús Alonso Montero, Ed. Celta, Lugo.
- 1971 *Poetas gallegos de posguerra*, por Basilio Losada, Col. Ocnos, Barcelona.
- 1972 *Autoescolha poética*, realizada por Celso Emilio Ferreiro, Razão Actual, Porto, en adaptación portuguesa cun prólogo titulado “A poesía de Celso Emilio Ferreiro”, de X. Alonso Montero e unhas “Verbas limiares” (páxs. 27-31) do propio autor.
Poetas gallegos contemporáneos, por Basilio Losada, Seix Barral, Barcelona.
Ocho siglos de poesía gallega, Alianza Editorial, Madrid, selección e prólogo de Carmen Martín Gaite e Andrés Tarazona. Antoloxía bilingüe..
- 1974 *Poesía gallega contemporánea*, por M. González Garcés, Plaza & Janés, Barcelona.
- 1975 *Obra Completa*, Akal Editor, T.I., II, Madrid. (T. I, 2^a ed. 1978, T. II, 2^a ed. 1980 e T. III. 1981).
- 1977 *Celso Emilio Ferreiro. Antología*, Texto bilingüe, Plaza & Janés, Col. Selecciones de poesía Española, Barcelona. con “Algo así como un prólogo”, realizado por Celso Emilio Ferreiro. (No mesmo ano faise unha segunda edición).
- 1978 *Antoloxía da poesía galega actual*, preparada por “Nordés. Revista de poesía e crítica”, Ediciós do Castro, Sada, A Coruña.
- 1980 *Poesía galega. Do posmodernismo aos novos*, por F. Fernández del Riego, Galaxia, Manuais, Vigo.
- 1981 *Obra Completa*, Akal Editor, T. III, Madrid.
- 1982 *Antología*, preparada por Xesús Alonso Montero, Ediciones Júcar, col. Los poetas, Madrid.

- 1983 *Celso Emilio Ferreiro. Poesía Galega*, Estudio, cronoloxía e bibliografía por Xesús Alonso Montero, Ed. Sálvora, col. Biblioteca de Autores Gallegos, Santiago de Compostela.
- 1984 *Antología de la poesía gallega contemporánea*, Estudio, selección e traducción de poemas por César Antonio Molina, Ed. Júcar, col. Los poetas 59/60, Madrid.
O libro do amor, coordinado por Xesús Alonso Montero, con prólogos de Xesús Alonso Montero, Domingo García-Sabell e Andrés Torres Queiruga, A Garda.
- 1988 *Poesía gallega, portuguesa i brasileira moderna. Antología*, preparada por Josep M. Llompart, Ediciones 62, Barcelona.

3. DICCIONARIOS. ENCICLOPEDIAS.

Gran enciclopedia gallega, Silverio Cañada, editor, T. 12, páxs. 135-139, Gijón 1974. Voz realizada por Basilio Losada.

Dicionário de literatura: portuguesa, brasileira, galega e estilística literaria, direcção de: Jacinto do Prado Coelho, Figueirinhas/Porto, 3^a ed., 1978, T.2 F/M e T.1 (páx. 205-206).

Galicia eterna, Ediciones Nauta, Barcelona 1981, T. IV, páxs. 1373 e 1400.

4. ENSAIOS E RESEÑAS DA SÚA OBRA E A SÚA PERSONALIDADE.

ALBERTI, Rafael.

“Cantigas en verso de gaita gallega”, poema no Suplemento Cultural de *La Voz de Galicia*, 28-9-1980.

ALFAYA, Javier.

“C.E.F. Viaje al país de los muertos”, en *La calle*, 4-10 setembro-1979.

ALONSO MONTERO, Xesús.

“Reseña de *Longa noite de pedra*”, *Hoja del lunes*, Lugo 12-11-1962.

—,

“Prólogo”, en *Viaxe ao país dos ananos*, El Bardo, Barcelona 1968, páxs. 9-23.

- , “Resposta á Reseña de A. Tovar”, en *Gaceta Ilustrada*, 2-3-69.
- , “Consideración, necesariamente muy general, sobre unos ataques”, en *Viaxe ao país dos ananos*, El Bardo Barcelona 1970.
- , “Reseña a Paco Pixiñas...”, en *Chan*, marzo 1971.
- , “A poesía militante de Celso Emilio Ferreiro”, en *Autoescolha poética*, Razão actual, Porto 1972, páxs. 13-26.
- , “Diez años de *Longa noite de pedra*”, en *Triunfo*, 507, Madrid 1972.
- , “Celso Emilio Ferreiro: o home e o poeta en dazasete tempos”, en C.E.F., *Obra Completa*, I, Akal editor, Arealonga, Madrid 1978.
- , “C.E.F.: In memoriam”, en *Triunfo*, setembro, Madrid 1979.
- , “Limiar póstumo pra un libro de homenaxes”, en Celso Emilio Ferreiro, *O libro dos homenaxes*, Akal editor, Madrid 1979.
- , “Nota breve: Celso Emilio Ferreiro un ano despois”, no Suplemento Cultural de *La Voz de Galicia*, 28-9-1980.
- , “Un poeta mais gabado que estudiado”, no *Faro de Vigo*, 29-9-80.
- , “C.E.F. nunha antoloxía de Filgueira Valverde en 1936” no *Faro de Vigo*, 28-8-81.

Celso Emilio Ferreiro. Estudio, Júcar, 2 vol.col. Los poetas,36, Madrid, 1982.

—,

“Prólogo” (cronoloxía, bibliografía, estudio), en Celso Emilio Ferreiro, *Poesía completa*, Ed. Sálvora, col. B.A.G., Santiago de Compostela, 1983.

— e RAMOS, Epifanio .

Cen anos de Literatura galega, Catálogo da exposición bibliográfica realizada dende o 2-12-1963 ó 19-12-1963 no Círculo de las Artes, Lugo, Instituto de Estudios, Sección Publicaciones.

ÁLVAREZ, Carlos.

“No, esta nueva nos vino atravesando el mar”, poema, no Suplemento Cultural do *Faro de Vigo*, 29-9-1981.

ÁLVAREZ, Santiago.

Mundo obrero, 7-IX-79.

ÁLVAREZ BLÁZQUEZ, Darío.

“Reseña de *O soño sulagado*”, *Jornal de noticias*, Porto, 23-5-56.

ÁLVAREZ CÁCCAMO, Xosé M^a.

“Introducción, notas e comentarios de *Longa noite de pedra*”, en Celso Emilio Ferreiro, *Longa noite de pedra*, Ed. Do Castro, Sada, A Coruña, 1985.

— e VILANOVA, Manolo.

Camp de l'arpa, nº extra adicado á Literatura galega, 75, maio 1980.

ÁLVAREZ POUSA, Luis.

“Por sotavento, Celso Emilio Ferreiro”, Suplemento Cultural de *La Voz de Galicia*, 28-9-1980.

ANTA ANTA, José.

C.E.F. en su ‘Longa noite de pedra’, Memoria de licenciatura, inédita, Oviedo 1977.

“Na morte de C.E.F.”, poema no Suplemento Cultural do *Faro de Vigo*, 29-9-1981.

ASSÍS PACHECO, Fernando.

“Na morte de um grande poeta galego. Celso Emilio Ferreiro, ‘beligerante’”, en *Artes/Letras/Espectáculos, Jornal das Letras*, 7-setembro-1979.

AZANCOT, Leopoldo.

“Reseña de *Longa noite de pedra* 1967”, en *Índice*, Madrid, Nadal 1967.

BEN-CHO-SHEY (RAMÓN E FERNÁNDEZ OJEA, Xosé).

“Reseña de *Longa noite de pedra*”, *La Noche*, Santiago 21-11-62.

BORREGUERO, M^a dos Ánxoles.

A poesía de Celso Emilio Ferreiro, Ed. Galaxia, Vigo 1982.

—,

“Galicia na poesía de C.E.F.”, *Grial*, 66, 1979, páxs. 401-413.

BOUZA ÁLVAREZ, Fermín.

“Pra ler de vagar a Celso Emilio”, no Suplemento Cultural de *La Voz de Galicia*, 28-9-1980.

BOUZA BREY, Fermín.

“Limiar” en *Baladas, cantigas y donaires*, Céltiga, Pontevedra 1947.

CABANA, Darío Xohán.

“Na morte de C.E.F.”, en *A Nosa Terra*, 73, setembro 1979.

CARBALLO CALERO, Ricardo.

Poesía gallega del siglo XX, Universidad Complutense, Facultad de Filosofía y letras, Madrid 1955.

CARRO, Francisco Javier.

“La poesía gallega en el silencio de la realidad”, en *Revista de Letras*, 6 Universidad de Puerto Rico, Mayagüez, 1970.

CASARES, Carlos.

“Unha nova edición de Celso Emilio “”, Cuadernos de Cultura, nº 230, Ano V, *La Voz de Galicia*, 15-agosto-1985.

CASAS, Augusto.

“Reseña de *Longa noite de pedra*”, en *Faro de Vigo*, 25-11-62.

CASTELO, Miguel.

“Lembranza de C.E.F.”, en *Man común*, 8-3-81.

CASTRO, Xabier.

“Celso Emilio Ferreiro e as mocedades galeguistas”, *Encrucillada*, 26, 1982.

CASTROVIEJO, Concha.

“Reseña de *Viaxe ao país dos ananos*”, en *Chan*, 4, Madrid 1969.

CELA, Camilo José.

“El poeta muerto”, *ABC*, 7-IX-79.

CID FERNÁNDEZ, Emilio.

“Carta ó ingrato Manuel María”, en *La Región*, Ourense, setembro, 1979.

COSTA CLAVELL, Xabier.

“Celso Emilio Ferreiro i la nova poesía galega”, en *Serra D'Or*, Barcelona, XI, 1966.

—,

Literatura gallega actual, separata nº 335, Temas españoles, Publicaciones españolas 1957.

CUNQUEIRO, Álvaro.

Joven poesía gallega, Destino, Barcelona.

CUÑA NOVAS, Manuel.

“Requiem”, poema no Suplemento Cultural de *La Voz de Galicia*, 28-9-1980.

DÍAZ JÁCOME, Xosé.

“Reseña de *O soño sulagado*”, *Hoja del lunes*, Vigo.

—,

“Pranto por un poeta”, poema no Suplemento Cultural de *La Voz de Galicia*, 28-9-1980.

DÍAZ PLAJA, Guillermo.

“Reseña de *Longa noite de pedra*, 1967”, en *ABC*, Madrid 10-8-67.

FARIAS, Felipe.

“Reseña de *Antipoemas*”, en *Imagen*, Caracas, novembro 1971.

FERNÁNDEZ FERREIRO, Xosé.

“Reseña de *Viaxe ao país dos ananos*”, en *Chan*, 13, Madrid 1969.

FERNÁNDEZ TEIXEIRO, Manuel María.

“Reseña de *Longa noite de pedra*”, *El Progreso*, Lugo 31-10-62.

—,

“A poesía galega de C.E.F.”, en *Grial*, 1964, páxs. 495 e ss.

—,

“A poesía galega de C.E. Ferreiro”, *Grial*, 6, 1964, pp. 495-507.

—,

“La poesía gallega de postguerra”, en *Fablas* 25, Las Palmas de Gran Canaria, Decembro 1971, pp. 8-12.

FERRO RUIBAL, Xesús.

“Morreunos Celso Emilio ¡Resistamos!”, *Encrucillada*, 15, Novembro-decembro 1979, páxs. 538/70-76/544.

FILGUEIRA VALVERDE, Xosé.

“O primeiro Celso Emilio”, en *Faro de Vigo*, 9-9-1979.

FRANCO, Fernando.

“Celso Emilio Ferreiro”, en *El Pope*, nº 169, 1-15 de sept. 1979.

FREIXANES, Víctor F.

Unha ducia de gallegos, Ed. Galaxia, Vigo 1976.(Reedición 1983 e tradución castelá, *Doce gallegos*, Plaza & Janés, Barcelona 1977).

—,

“Memoria de Celso Emilio Ferreiro” en *Galicia no ano 79. Por 41 autores*, La Guardia 1980, pp. 23-25.

GALLEGOTATO, J.M.

“Reseña de *Viaxe ao país dos ananos*”, en *El Progreso*, Lugo 18-9-69.

GARCÍA-BODAÑO, Salvador.

“Como un sol de viño tinto”, poema no Suplemento Cultural de *La Voz de Galicia*, 28-9-1980.

GARCÍA, Constantino (pseudónimo: C. Sobreira).

“Cartafol da lingua”, serie de artigos sobre a lingua de Celso Emilio Ferreiro en *La Voz de Galicia*, 1989.

GARCÍA TEIJEIRO, A.

Celso Emilio Ferreiro para nenos, edición preparada por ___, Ediciones La Torre, Madrid 1988.

GARCÍA VILARIÑO, Andrés.

“O feito relixioso na poesía de Celso Emilio Ferreiro”, *Encrucillada*, 47, marzo-abril, 1986, pp. 154/42-171/59.

GIMFERRER, P.

“Reseña de *Longa noite de pedra*”, en *Destino*, Barcelona 29-7-67.

GONZÁLEZ GARCÉS, Miguel.

Poesía gallega contemporánea, Pontevedra 1954.

--,

Poesía gallega de posguerra (1939-1975), Ed. do Castro, Sada, A Coruña, 1976.

—,

La Voz de Galicia, 15-3-1970.

—,

“Reseña de *Autoescolha poética*”, *La Voz de Galicia*, A Coruña 26-11-1972

GONZÁLEZ MARTÍN, J.P.

Ensayo sobre la poesía gallega contemporánea, Ediciós do Castro, Sada, A Coruña, 1972.

—,

“Nota breve para C.E.F.”, en *Adhuc*, Palma de Mallorca, O, novembro, 1979.

GRAÑA, Bernardino.

“Elexia no remate de agosto”, poema no Suplemento Cultural de *La Voz de Galicia*, 28-9-1980.

IGLESIA VILARIÑO, Aquilino.

“Reseña de *Baladas, Cantigas y donaires*” en *La Noche*, 16-5-47.

—,

“Diez años de poesía gallega”, *La Noche*, 1952.

IZQUIERDO, L.

“Reseña de *Viaxe ao país dos ananos*”, en *Destino*, 17-5-69.

LIBEROVICI, Sergio e STRANIERO, Michele L.

Canti della nuova resistenza spagnola, Einaudi, Turín, 1962.

LIENARD, Cynthia.

La poesía de Celso Emilio Ferreiro, Memoria de licenciatura, inédita, 1977.

LÓPEZ, Siro.

“De parola con Celso Emilio Ferreiro”, *El Ideal Gallego*, 1 de outubro do 1979.

LÓPEZ CASANOVA, Arcadio.

“Un son de terra, meu amigo, na noite”, poema no Suplemento Cultural de *La Voz de Galicia*, 28-9-1980.

LÓPEZ CUEVILLAS, F.

“Reseña de *Baladas, cantigas e donaires*”, en *La Región*, Ourense 15-7-47.

LORENZANA, Salvador.

“*O soño sulagado* poema de Celso Emilio Ferreiro”, en *La Noche*, Santiago, 24 de maio, 1955, p.5.

LOSADA, Basilio.

Traducción e prólogo: “Celso Emilio Ferreiro en la poesía gallega”, en *Longa noite de pedra*, El Bardo, Barcelona 1967, páx. 7-17.

—,

“Celso Emilio Ferreiro na poesía galega de posguerra”, en *La Voz de Galicia*, 28-9-1980.

—,

“Poesía gallega en América”, *La trinchera*, 2.

MARTA SOSA, Joaquín.

“En Caracas, donde todo fue búsqueda”, en *La Voz de Galicia*, 28-9-1980.

MARTINO, Florentino.

“Reseña de *Longa noite de pedra* 1967”, *Universal*, Caracas, 2-7-67.

MÉNDEZ FERRÍN, Xosé Luis.

De Ponda a Novoneyra, Edicións Xerais de Galicia, col. Universitaria, Vigo 1987.

MOLINA, César e SUÑEN, Luis.

“Celso Emilio Ferreiro. Después de la Larga noche de piedra”, en *Ozono*, 20, maio 1977.

OLMO, Lauro.

“Celso Emilio Ferreiro. Postmortem”, *Informaciones* 6-IX-79.

PENA, Xosé Ramón.

“Sobre a nova poesía galega”, *Faro de Vigo*, 1983, p. 74.

PEROZO, J.Antonio.

“Celso Emilio”, en *Faro de Vigo*, 1983, p. 155.

PORTEIRO, M^a Xosé e PEROZO, X. Antonio.

Celso Emilio Ferreiro (Compañero do vento e das estrelas), Akal editor,
Madrid 1981.

QUART, Pere.

“La veu més alta”, salutación en Suplemento de Cultura de *La Voz de Galicia*, 28-9-1980.

R.J.

“Reseña de *Viaxe ao país dos ananos*”, *Marcha*, Montevideo, 13-9-68.

RÁBADE PAREDES, Xesús.

“Poema do loito para Celso Emilio Ferreiro”, poema no Suplemento Cultural de *La Voz de Galicia*, 28-9-1980.

RAMÓN E FERNÁNDEZ OXEA, Xosé. (V. BEN-CHO-SHEY)

RODRÍGUEZ BARRIO, Xabier.

“Contiguo e sintigo”, poema, no Suplemento Cultural de *La Voz de Galicia*, 28-9-1980.

RODRÍGUEZ FER, Claudio.

“En contacto co herdo medieval galego”, no Suplemento cultural de *La Voz de Galicia*, 28-9-1980.

—,

“Poema inédito de Celso Emilio Ferreiro dedicado ó libro”, en *Diario de Galicia*, 23 de abril do 1988.

ROSÓN FIORENTINO, M. Francisca Cruz,

Celso Emilio Ferreiro: otto poesie, Università degli studi di Trieste, Facoltà di Economia e commercio, Instituto di Lingue Straniere Moderne, Nuova del Bianco 1983.

SA, Hipólito,

“El otro C.E.F.”, en *Faro de Vigo*, 2-12-1979.

SALVAT, Ricard.

“Reseña de *Paco Pixicas...*”, en *Tele/Express*, Barcelona 2-2-71.

SAN MARTÍN, Juan.

“Bi poetarem oriomenez (1)”, *Hoja del Lunes*, San Sebastián 24-IX e 1-X-79.

SESTO NOVÁS, Farruco.

“A propósito de C.E.F.”, no Suplemento Cultural de *La Voz de Galicia*. 29-9-1981.

SEXTO, Xosé.

“Epi(logo)tafio”, en *Cimenterio privado*, ed. Roi Xordo. Xenevra, 1973.

SIGÜENZA, Julio.

“Reseña de *Musa aldeá*”, *Faro de Vigo*, 26-4-51.

SILVA, Agostinho da.

“Reseña de *Autoescolha poética*”, *República*, Lisboa 21-9-72.

SIMÓES, Manuel.

“Reseña de *Autoescolha poética*”, en *Vértice*, 338, Coimbra 1972.

SIRO. (V. LÓPEZ, Siro)

TARRÍO, Anxo.

“Ler todo Celso Emilio”, *Hoja del lunes*, Vigo, 23 de marzo do 1981. Reproducido en *De letras e de signos (ensaios de Semiótica e crítica literaria)*, Edicións Xerais de Galicia, Serie Xerais Universitaria, Vigo 1987.

TOVAR, A.

“Reseña de *Longa noite de pedra 1967*”, en *Gaceta Ilustrada*, Madrid, 3-9-67.

—,

“Reseña de *Viaxe ao país dos ananos*”, en *Gaceta Ilustrada*, 2-2-67

VÁZQUEZ, Luís.

“Luís Seoane, Celso Emilio Ferreiro y Eduardo Blanco Amor, tres gallegos para la Historia (noticia y nota de urgencia)”, Separata de la Rev. *Estudios*, 127, outubro-decembro 1979.

VERGARA VILARIÑO, Fiz.

“Pranto por Celso Emilio Ferreiro”, *Faro de Vigo*, 15-6-84, p. 190.

VILANOVA, Manucl.

“A tarde cheia de verán”, poema, no Suplemento Cultural de *La Voz de Galicia*, 28-9-1980.

VIVANCO, Luís Felipe.

“Prólogo poema”, en *Cimenterio privado*, Ed. Roi Xordo, Xenevra 1973.

—,

“Cantiga hacia mañana. Para Celso Emilio Ferreiro y su longa noite de pedra”, en *Cimenterio privado. Cantigas de escarnio y maldecir. Poemas autentes*, Ed. Castrellos, col. Pombal, serie poética, Vigo 1978.

5. HISTORIAS DA LITERATURA GALEGA.

FERNÁNDEZ DEL RIEGO, Francisco.

Historia da literatura galega, Ed. Galaxia, Vigo 1951. Última ed. Biblioteca Básica da Cultura Galega, Ed. Galaxia, Vigo 1984.

JUSTO GIL, Manuel.

La literatura en lengua gallega, ed. Cincel, Cuadernos de estudios, 30, serie Literatura, Madrid 1981.

LOSADA CASTRO, Basilio.

“La Literatura” en *Los gallegos*, Ediciones Istmo, col. Fundamentos, 53, Madrid 1976.

MORENO, M^a Victoria e RÁBADE PAREDES, Xesús.

Literatura Século XX. Iniciación Universitaria, Ed. Galaxia / S.M., Vigo 1985.

RÁBADE PAREDES, Xesús e outros.

Literatura, 3º de B.U.P., Ed. Galaxia / S.M., Vigo 1987.

SEITURA (COLECTIVO).

Literatura Galega 3º de B.U.P., Edicións Xerais de Galicia, Vigo 1985.

TARRÍO VARELA, Anxo

Literatura gallega, Taurus, Madrid 1988.

VÁRELA JACOME, Benito.

Historia de la literatura gallega, Ediciones Porto, Santiago 1951.

VÁZQUEZ CUESTA, Pilar.

“Literatura gallega” en *Historia de las literaturas hispánicas no castellanas*, planeada y coordinada por José Mª Díez Borque, Taurus, Madrid 1980